

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA AMPLIACIÓN DO IES AQUIS CELENIS.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Caldas de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o momento en que rematen as actuacións recollidas na súa cláusula segunda, e en todo caso antes do 30 de setembro do ano 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dos mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello de Caldas de Reis para a ampliación do IES Aquis Celenis, de acordo co establecido na cláusula segunda do presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** Segundo o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A colaboración entenderase como o deber de todas as administracións públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, así como, no traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen exporse máis alá do concreto reparto competencial.



**Segundo.-** O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, a de *“participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”*.

**Terceiro.-** Por outra parte as disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, dispoñen que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local continuarán prestándose polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.

**Cuarto.-** Así mesmo, a disposición adicional décimo quinta, apartado 4, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina que os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a adaptación ou construción dos centros docentes.



**Quinto.-** A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten as atribucións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

**Sexto.-** Co fin de materializar a cooperación para potenciar o desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe á comunidade escolar da entidade local, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e o Concello de Caldas de Reis, acordan subscribir o convenio de colaboración para a ampliación do IES Aquis Celenis, xa que son conscientes da necesidade e acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

